

## **Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ó servizo da Xunta de Galicia**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 238, do 7.2.1992.

Emendas, BOPG núm. 258, do 9.4.1992.

Debate de totalidade, DSPG núm. 13, do 28.4.1992.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 318, do 5.10.1992.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 323, do 14.10.1992.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 323, do 14.10.1992.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 130, do 20.10.1992.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 334, do 3.11.1992.

Corrección de erros: DOG núms. 338, do 7.11.1992, e 345, do 21.11.1992.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 221, do 12.11.1992. Corrección de erros: DOG núm. 7, do 13.1.1993.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 42, do 18.2.1993.

## **Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ó servizo da Xunta de Galicia**

Esta lei foi derogada pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Unha Administración adecuada ás necesidades dunha sociedade moderna require a adaptación dos seus funcionarios ó nivel dos servizos que lle son demandados. E así, xunto ós corpos xerais que aseguran a atención básica, en paralelo, das funcións comúns dela, faise cada vez máis necesario considerar escalas específicas que atendan funcións profesionais concretas.

Estamos nun mundo de especialidades, e isto afecta tamén á Administración, que ante unha recente demanda de servizos públicos especializados debe proceder a unha consecuente adaptación administrativa e, polo tanto, das persoas chamadas a prestar as funcións correspondentes.

Por outro lado, ante o reto da sociedade moderna e as perspectivas da integración comunitaria e seguindo a corrente europea de intentar conseguir unha Administración reducida e cun dimensionamento adecuado, que non sexa gravosa para os cidadáns,

pero que ó mesmo tempo sexa altamente eficiente e estea convenientemente tecnificada, cómpre a creación de escalas na Administración que permitan a adaptación do corpo do funcionariado ás necesidades suscitadas.

Con isto, ademais de permitirla satisfacción da necesidade demandada, será posible adecuar as esixencias de ingreso nas escalas específicas, mediante probas adaptadas ós requirimentos técnicos que o desempeño do posto presente, o que unido á incentivación da prestación permita facerlles atractivo o ingreso nelas ós distintos especialistas.

Todo isto fundamenta a presente lei, segundo o disposto na Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, parcialmente modificada pola Lei 4/1991, do 8 de marzo, en especial os seus artigos 19 e 20, que prevén a forma de lei para a creación de escalas, e a disposición adicional primeira, sen prexuício do establecido na Lei 17/1989, do 23 de outubro, de

creación de escalas do persoal sanitario ó servizo da Comunidade Autónoma, e na Lei 15/1991, do 28 de decembro, dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1992.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ó servizo da Xunta de Galicia.

## Artigo 1

Ó amparo do disposto no artigo 20 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e sen prexuício do establecido na Lei 15/1991, do 28 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para 1992, dentro do corpo superior de Administración da Xunta, grupo A, créanse as seguintes escalas de funcionarios:

1.— Escala superior de estatísticos, coas funcións de:

— Dirección dos traballos estatísticos, que inclúe a súa preparación, inspección e distribución.

— Elaboración e deseño de proxectos estatísticos.

— Estudio e análise da metodoloxía empregada nos diversos tra-

ballos estatísticos.

— Análise e interpretación dos resultados estatísticos.

1.1.— Para o acceso á dita escala será necesaria titulación superior ou equivalente en socioloxía, informática, matemáticas, económicas, ciencias empresariais e enxeñería.

2.— Escala de economistas, con funcións de análise, programación e seguimento dos investimentos así como o estudio da conxuntura e evolución da actividade económica.

2.1.— Para o acceso á dita escala será necesario estar en posesión da titulación de ciencias económicas ou empresariais.

## Artigo 2

Ó amparo do disposto no artigo 20 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, dentro do corpo de xestión de Administración da Xunta, grupo B, créanse as seguintes escalas de funcionarios:

1.— Escala técnica de estatísticos, á que lle corresponden as funcións de execución técnica e a realización dos traballos estatísticos, baixo a dirección e supervisión dos funcionarios da escala superior.

1.1.— Para o acceso á dita escala requirirase estar en posesión da titulación de diplomado ou equivalente en estatística, socioloxía, informática, matemáticas, econó-

micas, ciencias empresariais e enxeñería técnica.

### Artigo 3

Ó amparo do disposto no artigo 20 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e sen prexuício do establecido na Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ó servizo da Comunidade Autónoma, dentro do corpo facultativo superior da Xunta, grupo A, créanse as seguintes escalas de funcionarios:

1.—

A.— Escala de enxeñeiros de camiños, canles e portos.

B.— Escala de enxeñeiros agrónomos.

C.— Escala de enxeñeiros industriais.

D.— Escala de enxeñeiros de minas.

E.— Escala de enxeñeiros de montes.

F.— Escala de enxeñeiros de telecomunicacións.

G.— Escala de arquitectos.

H.— Escala de veterinarios.

I.— Escala de biólogos.

J.— Escala de químicos.

K.— Escala de arqueólogos.

L.— Escala facultativa de arquivos, bibliotecas e museos, coas seguintes especialidades:

a) Arquivos.

b) Bibliotecas.

c) Museos.

1.1.— Para o ingreso nas anteriores escalas requirirase estar en posesión de titulación superior e especialidades, se é o caso, ás que se refiren aquelas.

2.— Escala de inspección pesqueira, que desenvolverá as funcións de dirección e execución das accións que permitan o control do cumprimento da normativa vixente nas actividades productivas, transformadoras e comerciais en materia pesqueira, marisqueira e de acuicultura, preferentemente en terra, na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.1.— Para o acceso á dita escala será necesario estar en posesión do título de licenciado en bioloxía, licenciado en veterinaria ou capitán da mariña mercante.

3.— Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. A súa función será impartir as ensinanzas marítimo-pesqueiras nas súas distintas especialidades tanto teóricas coma prácticas.

3.1.— Para o acceso á dita escala requirirase estar en posesión do título de doutor, enxeñeiro, arquitecto, licenciado ou equivalente para efectos de docencia.

4.— Escala de profesores de capacitación agraria. A súa función será impartir as ensinanzas de

capacitación e formación profesional agraria, nas diferentes modalidades docentes.

4.1.— Para o acceso á citada escala requirirase estar en posesión do título de doutor, enxeñeiro, arquitecto, licenciado superior ou equivalente para efectos de docencia.

5.— Corresponderánlle-las funcións de estudio, xestión, execución, proposta e inspección de carácter facultativo superior, de acordo coa titulación específica esixida e coas funcións concretas asignadas ó desempeño do seu correspondente posto de traballo.

#### Artigo 4

Ó amparo do disposto no artigo 20 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, dentro do corpo de facultativos de grao medio da Xunta, grupo B, créanse as seguintes escalas de funcionarios:

1.—

A.— Enxeñeiros técnicos de obras públicas.

B.— Enxeñeiros técnicos industriais.

C.— Enxeñeiros técnicos forestais.

D.— Enxeñeiros técnicos agrícolas.

E.— Enxeñeiros técnicos de minas.

F.— Arquitectos técnicos.

G.— Enxeñeiros técnicos de telecomunicacións.

H.— Topógrafos.

I.— Axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, coas seguintes especialidades:

a) Arquivos.

b) Bibliotecas.

c) Museos.

Cada unha das anteriores escalas e especialidades desenvolverá as funcións propias da titulación correspondente.

1.1.— Para o ingreso nas anteriores escalas requirirase estar en posesión de titulación media e especialidade, se é o caso, ás que se refiren aquelas.

2.— Escala técnica de vixilancia pesqueira, á que lle corresponden as funcións de dirección e execución das accións que permitan o control do cumprimento da legalidade vixente nas actividades extractivas e de comercialización en materia pesqueira e marisqueira, preferentemente no mar, na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.1.— Para o acceso á dita escala será necesario estar en posesión da titulación de piloto de primeira da mariña mercante ou capitán de pesca.

3.— Escala de mestres de taller

de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros, á que lle corresponderán as funcións de prestarlles apoio ós profesores numerarios nas prácticas das ensinanzas marítimo-pesqueiras nas súas distintas especialidades.

3.1.— Para o acceso á dita escala requirirase estar en posesión do título de diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ou equivalente para efectos de docencia.

4.— Escala de axentes de extensión pesqueira, á que lle corresponderán as funcións de:

a) Divulgación das tecnoloxías aplicables ó sector pesqueiro e de actividade da Administración pesqueira.

b) Asistencia técnica e promoción cooperativa e social do sector pesqueiro.

c) Ensinanza e formación ocupacional relacionadas co sector pesqueiro, tanto no ámbito da docencia coma no da xestión.

4.1.— Para o ingreso nesta escala requirirase estar en posesión do título de capitán de pesca ou diplomado en EXB, ou ter superados os tres primeiros cursos de licenciatura en ciencias biolóxicas ou veterinaria.

## Artigo 5

Ó amparo do disposto no artigo 20 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia,

dentro do corpo de axudantes facultativos, grupo C, créanse as seguintes escalas de funcionarios:

1.— Delineantes, que desenvolverán as funcións da súa titulación.

1.1.— Para o ingreso na dita escala precisarase estar en posesión da titulación correspondente.

2.— Escala de subinspección pesqueira, que lles prestará apoio ós inspectores nas funcións que estes teñan encomendadas.

2.1.— Para o acceso á dita escala requirirase estar en posesión do título de formación profesional de segundo grao marítimo-pesqueira ou equivalente.

3.— Escala de titulados náutico-pesqueiros de vixilancia pesqueira, que constará das seguintes especialidades:

3.a).— Patróns: que exercerán o mando dos buques da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura e ademais prestaranlle apoio á escala técnica de vixilancia pesqueira nas funcións que esta ten encomendadas.

3.a).1.— Para o acceso requirirase estar en posesión do título de patrón de pesca de altura ou patrón maior de cabotaxe.

3.b).— Mecánicos: que exercerán a xefatura de máquinas dos buques da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura e ademais prestaranlle apoio á escala técnica de vixilancia pesqueira

nas funcións que esta ten encomendadas.

3.b).1.— Para o acceso á dita escala requirirase estar en posesión do título de mecánico naval de primeira clase.

3.c).— Mariñeiros especializados: contramestres e mecamares, que realizarán as funcións de cuberta, e especialistas en máquinas dos buques da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura e ademais prestaranlle apoio á escala técnica de vixilancia pesqueira nas funcións que esta ten encomendadas.

3.c).1.— Para o acceso requirirase estar en posesión de titulación de bacharelato, FP-2 ou equivalente e certificado de mariñeiro especialista.

## Artigo 6

Ó amparo do disposto no artigo 20 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, dentro do corpo de auxiliares técnicos da Xunta, grupo D, créanse as seguintes escalas de funcionarios:

1.— Escala de axentes forestais, coas especialidades de:

a) Gardería forestal, coas funcións de vixilancia, custodia e policía de montes, espazos naturais, recursos cinexéticos, piscícolas, ambientais e defensa dos montes contra os incendios forestais.

b) Auxiliares técnicos forestais, coas funcións de control e organi-

zación de obras, traballos e servizos en montes, espazos naturais, caza, pesca fluvial, loita contra incendios forestais e a custodia e xestión de centros, establecementos e instalacións cinexéticas, piscícolas, forestais ambientais e de defensa contra incendios forestais.

2.— Para o ingreso na escala precisarase estar en posesión da titulación de capataces forestais.

3.— Escala básica de vixilancia pesqueira, que desenvolverá as funcións de prestarlle apoio á escala técnica de vixilancia pesqueira nas funcións que esta ten encomendadas.

3.1.— Para o acceso á dita escala requirirase titulación de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou equivalente e certificado de competencia de mariñeiro e radiotelefonista naval restrinxido.

## Artigo 7

O acceso ás distintas escalas axustarase ó disposto na Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e ó Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo.

Para a selección e provisión de postos de traballo na Administración da Comunidade Autónoma, a Consellería da Presidencia, logo de informe da Comisión de Persoal, poderá agrupar escalas median-

te convocatorias unitarias e probas selectivas comúns, sen prexuício das propias de cada escala ou especialidade.

#### Disposición adicional primeira

Así mesmo poderá regularse a forma de integración do persoal a que se refiren as disposicións transitorias números 9 e 10 da Lei 4/1988, do 26 de maio, segundo a redacción dada pola Lei 4/1991, da función pública de Galicia, que, reunindo os requisitos de grupo e titulación, viñese desempeñando funcións propias das correspondentes escalas e especialidades, sempre que adquira a condición de funcionario nas convocatorias previstas nas devanditas disposicións transitorias.

#### Disposición adicional segunda

Igualmente, os funcionarios que dentro das devanditas convocatorias accedesen ó grupo superior ó de procedencia por vía de promoción interna, poderán quedar integrados na escala ou especialidade que corresponda, en atención ás funcións desempeñadas e, se é o caso, ós corpos de orixe.

#### Disposición adicional terceira

Sen prexuício do establecido no apartado 4.1 do artigo 3, integraranse na escala de profesores de capacitación agraria os axentes de extensión agraria-profesores que, posuíndo a titulación superior correspondente ou equivalente para os efectos da docencia, prestasen servicios como profesores en virtude de nomeamento para desempeñar as funcións docentes propias da súa condición antes da entrada en vigor da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

#### Disposición adicional cuarta

Para efectos da integración prevista nas presentes disposicións, a situación de servicios especiais equipárase á de servizo activo.

(1)

#### Disposición derradeira

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 1992

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

---

(1) Polo artigo único da Lei 2/1993 eugadíuselle a esta lei unha nova disposición adicional.